



Concello de Miño
Rúa A Carreira, 38 - 15630 Miño

ÁREA: CULTURA E DEPORTES
EXPEDIENTE: 2024/D002/000008

Bases Campamento Deportivo no Verán 2024

1. Obxecto

O Concello de Miño pon en marcha o Campamento Deportivo no verán 2024 para fomentar o lecer e promover o deporte entre a xuventude, á vez que promocionar a socialización entre os participantes, axudar a conciliación da vida persoal e familiar e, por outro lado aproveitarnos dos espazos naturais e públicos para fins deportivos e poder realizar actividades de ocio, natureza e tempo libre aparte das deportivas.

2. Destinatarios

O campamento deportivo está destinado a aquelas nenas e nenos nados entre os anos 2010 e 2016 (ambos inclusive) e que cumpran os seguintes **requisitos**:

- Empadroados/as no Concello de Miño a 1 de marzo de 2024 ou fillos/as de persoas que acrediten ter un posto de traballo en Miño.
- Situación de activo laboral de ambos proxenitores ou titores legais.
- Horario de traballo de mañá ou de noite de ambos proxenitores ou titores legais de luns a venres.
- Ambos proxenitores ou titores legais sen vacacións no mes solicitado (valorarase a situación).

Entre aqueles participantes que cumpran os requisitos citados, terán ademais **PRIORIDADE** aqueles nos que se de algunha das seguintes circunstancias (que deberán estar formalmente acreditadas):

- Familia monoparental
- Familia numerosa
- Familia refuxiada
- Vítima de violencia de xénero en calquera das súas formas
- Mulleres en situación de desemprego

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Miño [<https://sede.concellodemino.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



Concello de Miño
Rúa A Carreira, 38 - 15630 Miño

ÁREA: CULTURA E DEPORTES
EXPEDIENTE: 2024/D002/000008

- Mulleres maiores de 45 anos
- Familias nas que existan outras cargas relacionadas cos coidados
- Familias con rendas inferiores a 3 veces o IPREM

De quedaren prazas valeiras valorarase a posibilidade de permitir a entrada a solicitantes que non cumpran os requisitos establecidos en función da capacidade do Concello de Miño e a organización e funcionamento do campamento.

3. Descrición do Campamento

3.1. Datas

O campamento divídese en catro quendas, dúas en xullo e dúas en agosto:

- 1ª quenda: do luns 1 ó luns 15 de xullo.
- 2ª quenda: do martes 16 ó mércores 31 de xullo.
- 3ª quenda: do xoves 1 ó venres 16 de agosto.
- 4ª quenda: do luns 19 ó venres 30 de agosto.

Non habrá xornada de campamento os fins de semana nin os festivos.

3.2. Lugar

O campamento ten como zona de entrega e recollida de participantes o centro socio cultural de Loios. As actividades programadas no campamento evitaran, sempre que a climatoloxía o permita, o pavillón polideportivo ou calquera outro espazo cerrado, priorizando as actividades ó aire libre nos diferentes espazos naturais e deportivos do municipio.

3.3. Prazas

Ofértanse un total de 80 prazas para a primeira, a segunda e a terceira quenda e 70 prazas para a cuarta quenda, formándose grupos dun máximo de 10 participantes. O mínimo de participantes para por en marcha o campamento son 10 en cada quenda.

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Miño [<https://sede.concellodemino.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



Concello de Miño
Rúa A Carreira, 38 - 15630 Miño

ÁREA: CULTURA E DEPORTES
EXPEDIENTE: 2024/D002/000008

As prazas asignaranse por orde de inscrición tendo en conta os requisitos e prioridades descritos no apartado 2 das presentes bases.

Corresponde ó Concello de Miño a realización das agrupacións en base a criterios de estrutura do grupo (idades, horarios, etc.). Os irmáns permaneceran no mesmo grupo salvo desexo expreso contrario a isto dos proxenitores ou titores legais.

3.4. Horario

O horario de entrada pode verse modificado de oficio polo Concello de Miño en función das necesidades organizativas dos diferentes grupos, sempre antes do comezo da actividade. Os horarios que se ofrecen son:

- Entrada:
 - o Ás 9:00 h.
 - o Ás 10:00 h.
- Saída:
 - o Ás 14.00 h.

4. Preinscrición

O prazo de preinscrición para tódalas quendas é do martes 14 de maio ás 9:00 horas ao domingo 26 de maio. **Calquera solicitude presentada fóra destas datas, considerarase unha solicitude fóra de prazo.**

De quedaren prazas libres, poderanse inscribir unha vez finalizado o prazo.

A documentación complementaria a presentar coa preinscrición é a seguinte:

- DNI de proxenitores ou titores legais.
- Documento xustificativo do traballo de ambos proxenitores ou titores legais (un dos seguintes):
 - Vida laboral actual, recibo de autónomos actual ou nómina actual.
- Certificado de empresa co horario no mes solicitado de ambos proxenitores ou

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Miño [<https://sede.concellodemino.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



Concello de Miño
Rúa A Carreira, 38 - 15630 Miño

ÁREA: CULTURA E DEPORTES
EXPEDIENTE: 2024/D002/000008

titores legais.

No caso de persoal autónomo, declaración xurada.

- Certificado de empresa coa data das vacacións no ano 2024 de ambos proxenitores ou titores legais.

No caso de persoal autónomo, declaración xurada.

- De ser o caso, haberá que presentar a seguinte documentación xustificativa de diferentes circunstancias a ter en conta:

- Certificado de empresa que acredite que o proxenitor/a ou titor/a legal traballa en Miño.

No caso de persoal autónomo, declaración xurada.

- Documentación xustificativa de familia monoparental.
- Documentación xustificativa de familia numerosa.
- Documentación xustificativa de familia refuxiada.
- Documentación xustificativa de situación de vítima de violencia de xénero.
- Documentación xustificativa de ser muller en situación de desemprego.
- Documentación xustificativa de ser muller maior de 45 anos.
- Documentación xustificativa de que existen outras cargas relacionadas cos coidados no núcleo familiar.
- Documentación xustificativa de ter ingresos familiares inferiores a 3 veces o IPREM (unidade familiar cuns ingresos anuais inferiores aos 21600 euros).

Presentación telemática na [Sede electrónica](#) do Concello de Miño ou presencial no Rexistro municipal.

5. Publicación da listaxe provisional e listaxe final

O luns 3 de xuño publicarase na páxina web do Concello de Miño a listaxe con aqueles solicitantes que aportaron toda a documentación e aqueles os que se lles



Concello de Miño
Rúa A Carreira, 38 - 15630 Miño

ÁREA: CULTURA E DEPORTES
EXPEDIENTE: 2024/D002/000008

require. O prazo para subsanar a documentación necesaria será do luns 3 de xuño ó domingo 9 de xuño.

O martes 11 de xuño publicarase na páxina web do Concello de Miño a listaxe provisional. O prazo para alegacións será do mércores 12 de xuño ó venres 14 de xuño.

- De existir menos solicitudes que prazas, adxudicaranse **directamente a todos aqueles que cumpran os requisitos**.
- De existir máis solicitudes que prazas, adxudicaranse ás prazas por orden de inscrición a aqueles que cumpran os requisitos.

O luns 17 de xuño a partir das 14:00 horas, publicarase a listaxe definitiva coa adxudicación de prazas e unha listaxe de reserva.

6. Prazo de pago

O custo do Campamento Deportivo réxese por prezo público, sen descontos aplicables. O pago realizarase mediante TPV no propio Concello, auto liquidación, transferencia, ou ingreso bancario en calquera das seguintes contas bancarias, de titularidade municipal.

- ABANCA: ES63-2080-0087-72-3110000015
- BBVA: ES84-0182-4300-74-0000000041
- SANTANDER: ES41-0049-2950-38-1010038930
- LA CAIXA: ES06-2100-6309-98-0200000446

Na transferencia debese indicar claramente: **Campamento deportivo, quenda na que se inscribe, nome e apelidos da/o participante**.

Os prazos para a realización do pago é do 17 ó 24 de xuño.

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Miño [<https://sede.concellodemino.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



Concello de Miño
Rúa A Carreira, 38 - 15630 Miño

ÁREA: CULTURA E DEPORTES
EXPEDIENTE: 2024/D002/000008

Unha vez realizada a transferencia, débese facilitar o xustificante bancario no correo electrónico: deportes@concellodemino.gal no mesmo prazo da realización do pago.

De non entregarse o xustificante bancario conforme o pago correctamente antes do prazo estipulado, implicará a perda da praza no campamento e a súa ocupación por un integrante da listaxe de reserva.

De non realizar o abono da totalidade das quendas nas que foi seleccionada/o entenderase como renuncia as quendas non aboadas correspondentes.

7. Renuncia a praza e devolución do importe

Unha vez adxudicadas ás prazas e realizado o pago só se executará a devolución do importe no caso de razón médica debidamente xustificada por informe médico e no caso de producirse antes do comezo da quenda.

En Miño, na data da sinatura electrónica

O alcalde

Asdo.- Manuel Vázquez Faraldo